Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Bouza Manso, Aitor

Sobre as previsións da Consellería de Educación no que se refire á realización de reformas nas instalacións do CEIP de Teixeira, do concello de Curtis

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 54832 (12/POC-008810)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e 2 máis

Sobre o criterio e as previsións do Goberno galego respecto da posibilidade e sumarse á conmemoración do Día Mundial da Lingua Portuguesa

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 54839 (12/POC-008811)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Bouza Manso, Aitor

Sobre as previsións da Consellería de Educación verbo da realización de reformas nas instalacións do CEIP Virxe do Portal, de Sobrado dos Monxes

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 54845 (12/POC-008812)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais e 3 máis

Sobre a situación actual do sector da automoción en Galicia, o grao de eficacia das políticas postas en marcha polo Goberno galego nesta materia e as súas previsións ao respecto

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 54866 (12/POC-008813)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Fernández, Secundino e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as previsións do Goberno galego no que se refire ao cumprimento do compromiso coa execución das obras de mellora da estrada OU-533 A Gudiña-A Rúa

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos



- 54869 (12/POC-008814)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Taibo Corsanego, Iria

Sobre a postura e as previsións da Xunta de Galicia respecto do exercicio das súas competencias para a protección e conservación do conxunto de murais de Urbano Lugrís sitos na rúa Olmos da Coruña

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 54873 (12/POC-008815)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, Carmela e 3 máis

Sobre as actuais condicións de illamento e o nivel de eficiencia enerxética das instalacións do Centro de Maiores Atalaia, de Vigo, e as previsións da Xunta de Galicia ao respecto

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Santiago de Compostela, 14 de abril de 2026

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª



Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González, Sonia Vidal Lamas e Secundino Fernández Fernández, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á actuación da Consellería do Medio Rural na sinatura de contratos do leite.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende o pasado 1 de abril de 2026, tras unha firma de contratos entre as empresas lácteas e os gandeiros galegos, onde estes non tiveron capacidade negociadora sobre o seu produto, o prezo do leite galego mingou de xeito esaxerado a pé de granxa. Así, as baixadas sitúan o prezo por litro en 8 ou máis céntimos menos que no período anterior, sen que aparentemente a situación estatal e europea sufrise cambios tan significativos coma para tales variacións de cotizacións, que afectan gravemente ás explotacións do país, que se enfrontan a situacións complexas nos próximos meses.

Á baixada do prezo do leite súmase na actualidade a suba dos custos de produción derivados da escalada bélica que EEUU e Israel iniciaron recentemente contra o Irán, vulnerando o dereito internacional e a soberanía dos pobos en favor de intereses xeopolíticos existentes. Desta maneira, os gandeiros e gandeiras galegas están a producir, na maior parte dos casos, por debaixo dos custos de produción feito que, de permitirse e perpetuarse dará lugar a unha situación economicamente complicada no noso rural, xa acaecido dun grave abandono, especialmente esaxerado no caso do sector leiteiro, onde cada ano pechan mais de 300 explotacións de vacún leiteiro.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Malia gravidade da situación e a resistencia de gandeiros á firma de contratos, a realidade é que moitos deles, nas derradeiras horas do 31 de marzo accederon á sinatura dos mesmos polo medo a que a recollida do seu produto fose suspendida, feito que tivo lugar en casos onde dita sinatura non se produciu. Nestas explotacións o produto está a botarse a perder, de maneira que os propietarios están a sufrir baixadas incalculables nos seus beneficios, que afectarán negativamente á pervivencia das súas empresas nun moi curto prazo de tempo.

Aínda que o sector lácteo galego é unha potencia a nivel estatal e europeo tanto pola súa calidade coma pola cantidade que producimos, o goberno da Xunta de Galiza non pon medidas a disposición para evitar que os nosos gandeiros se vexan inmersos nunha volatilidade e inestabilidade que impide darlle a seguridade necesaria ao sector e que anime a quen participa del a continuar con esta actividade, feito que lle afecta gravemente á existencia de relevo xeracional. Un claro exemplo foi a falla de actuación clara por parte da Consellería de Medio Rural no caso desta recente renovación de contratos á baixa, onde dende o goberno non amosou a decisión, determinación e interese necesario para evitar que as baixadas de prezos foran executadas sen reunións previas entre todos os elos da cadea onde o goberno mantivese un papel activo nas negociacións que garantise a transparencia nos contratos e a equidade na participación entre produtores e industria. Así, as prácticas abusivas e unilaterais imperaron nesta nova sinatura de contratos, que os gandeiros aceptaron como única opción existente e sen que nin a Mesa do Sector Lácteo con todos os membros presentes, nin o Observatorio do Sector Lácteo fosen convocados e aportasen igualdade entre as partes e información ao respecto.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Considera a Xunta de Galiza que a actuación da Consellería do Medio Rural na sinatura de contratos do leite que se vén de producir a finais de marzo garantiu que os





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

gandeiros tivesen capacidade negociadora sobre o prezo do seu produto e as transaccións comerciais fosen resultado de diálogo en igualdade de condicións entre as partes?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 06/04/2026 18:37:34

Sonia Vidal Lamas na data 06/04/2026 18:37:40

Secundino Fernández Fernández na data 06/04/2026 18:37:46



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/04/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 54654
Data envío: 06/04/2026 18:38:38,976

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 06/04/2026 18:38:39

CSV: BOPGDSPG-0iquuNGiv-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Cecilia Vázquez Suárez, Rubén Lorenzo Gómez, María Felisa Rodríguez Carrera, Víctor Manuel Baladrón Lamas, José Luis Ferro Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, Carmen María Pomar Tojo e Raúl Santamaría González, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno** sobre a valoración da Xunta de Galicia do servizo de comedor escolar galego

Ademais do seu papel como servizo educativo complementario, os comedores escolares son, na actualidade, tamén un instrumento clave para promover hábitos de vida saudables, fomentar a igualdade de oportunidades e contribuír ao desenvolvemento integral do alumnado. A alimentación equilibrada ten un impacto directo na saúde e na adquisición de valores asociados a unha dieta variada e de calidade.

En Galicia, este ámbito conta xa cun marco regulador consolidado que vén avanzando de maneira decidida na mellora continua da calidade do servizo, o Decreto 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería con competencias en materia de educación.

Proba desta aposta pola mellora do servizo, nestes últimos anos fóronse incorporando novos criterios orientados a garantir unha alimentación saudable, equilibrada e adaptada ás necesidades nutricionais do alumnado, sempre baixo a supervisión sanitaria.

Por exemplo, no caso dos comedores de xestión indirecta, as empresas deben presentar menús periódicos que cumpran criterios de calidade, variedade e equilibrio nutricional; dásele prioridade a provedores de proximidade; e as cociñas centrais deben estar próximas aos centros educativos para garantir a frescura dos alimentos e reducir o impacto ambiental. Ademais, os menús están supervisados por un nutricionista, profesional encargado de garantir a súa adecuación desde unha perspectiva técnica e sanitaria.

Resulta oportuno avanzar cara á consolidación deste modelo, baseado nun menú saudable común para o conxunto do alumnado, deseñado conforme a criterios de calidade, equilibrio nutricional e variedade, que permita reforzar a igualdade de oportunidades mantendo as garantías sanitarias e nutricionais esixibles, e contemplando, só nos casos debidamente xustificadas por razóns médicas, as adaptacións necesarias.





Este esforzo organizativo e de calidade vén acompañado dun importante compromiso económico por parte da Xunta de Galicia, que destina a este servizo máis de 65,5 M€ tanto para o funcionamento dos comedores de xestión propia como para o apoio do servizo que, dentro das súas competencias, prestan concellos ou Anpas.

Neste sentido, cómpre salientar a ausencia de achegas por parte do Goberno do Estado, incumprindo o compromiso asumido polo PSOE e SUMAR no seu pacto de Goberno e tendo en conta a entrada en vigor o próximo curso do Real Decreto 315/2025 sobre alimentación saudable e sostible, aprobado polo Goberno do Estado sen diálogo nin coordinación cos Gobernos autonómicos e que introduce toda unha serie de requisitos sen financiación.

É polo que, as deputadas e deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta:

1. Como valora o Goberno de Galicia o servizo de comedor escolar galego?

Santiago de Compostela, 7 de abril de 2026



Asinado dixitalmente por:

Cecilia Vázquez Suárez na data 07/04/2026 12:23:24

Rubén Lorenzo Gómez na data 07/04/2026 12:23:38

María Felisa Rodríguez Carrera na data 07/04/2026 12:23:58

Víctor Baladrón Lamas na data 07/04/2026 12:24:08

José Luis Ferro Iglesias na data 07/04/2026 12:24:19

Julio García Comesaña na data 07/04/2026 12:24:59

Patricia García González na data 07/04/2026 12:25:08

Carmen Pomar Tojo na data 07/04/2026 12:25:23

Raúl Santamaría González na data 07/04/2026 12:25:36



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/04/2026 12:31:36
Nº Rexistro: 54670
Data envío: 07/04/2026 12:31:36.889

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 07/04/2026 12:31:37

CSV: BOPGDSPG-0iquuNGiv-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Xosé Manuel Golpe Acuña, Ramón Fernández Alfonso, Brais Ruanova Vilas-Boas e Daniel Castro García, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o plan industrial asociado ao parque eólico Mondigo e o seu grado de execución.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O parque eólico Mondigo foi seleccionado no concurso eólico de 2010 ao abeiro da Orde do 29 de marzo de 2010, no que a empresa promotora Esus Enerxía Renovable, S.L. obtivo potencia eólica ligada á presentación dun plan industrial específico denominado “Plan Eixo Dixital Galicia”.

Segundo a propia resolución de 20 de decembro de 2010 (DOG 248, do 28 de decembro), o plan asociaba a Esus un investimento comprometido de 1.050.000 euros e 10 empregos, cun importe proporcional inferior para a potencia finalmente asignada, que formaba parte dos criterios de valoración para a selección de anteprojectos.

Porén, a análise das resolucións posteriores que realmente habilitan a construción e explotación de Mondigo —autorización administrativa previa e de construción do parque, declaracións de impacto ambiental, autorización da liña de evacuación a 132 kV, declaración de utilidade pública e procedemento expropiatorio— amosa que ese plan industrial non foi incorporado como condición efectiva de ningunha destas autorizacións, nin se prevé expresión algunha relativa ao seu cumprimento, caducidade ou posible revogación ligada ao incumprimento.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Ao mesmo tempo, nos medios de comunicación chegaron a manexarse publicamente cifras de até 1.050 millóns de euros de investimento asociadas a este plan industrial, moi afastadas dos 1,05 millóns que constan no DOG, sen que a Xunta de Galicia clarificase nin rectificase oficialmente esa discrepancia nin informase sobre o grao real de execución dos compromisos asumidos pola empresa.

Na actualidade, o parque eólico Mondigo é presentado polo Goberno galego como proxecto emblemático dun “novo modelo eólico” a través de Recursos de Galicia, con participación pública e descontos na factura eléctrica da veciñanza, mais sen que exista un exercicio transparente de rendición de contas sobre o destino do plan industrial co que se xustificou a súa selección inicial nin sobre o tratamento que a Xunta deu a ese compromiso fronte a outras empresas ou proxectos.

Resulta politicamente e institucionalmente relevante esclarecer se a Administración esixiu, supervisou ou simplemente deixou caer no esquecemento ese plan industrial, porque do que se trate aquí é de saber se a Xunta aplica criterios coherentes e equitativos cando outorga megavatios eólicos a cambio de promesas industriais, e ata que punto o caso de Mondigo exemplifica unha forma de privatizar beneficios e socializar custos sen retorno produtivo verificable para o país.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cal é o estado da execución do plan industrial nomeado denominado “Plan Eixo Dixital Galicia” asociado á concesión da construción e explotación do parque eólico Mondigo, e que pasos se deron dende a Xunta neste tema?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 07/04/2026 12:51:27

Ramón Fernández Alfonzo na data 07/04/2026 12:51:46

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 07/04/2026 12:51:56

Daniel Castro García na data 07/04/2026 12:52:02



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/04/2026 12:52:49
Nº Rexistro: 54674
Data envío: 07/04/2026 12:52:49.968

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 07/04/2026 12:52:50

CSV: BOPGDSPG-0iquuNGiv-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/04/2026 13:07:51
Nº Rexistro: 54677
Data envío: 07/04/2026 13:07:51.865

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández e Ariadna Fernández González, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a axilización de axudas sociais anunciada pola Xunta de Galiza no marco das medidas fronte ás consecuencias económicas da guerra no Medio Oriente.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No marco do Plan de Medidas aprobadas pola Xunta de Galiza fronte ás consecuencias económicas da guerra no Medio Oriente, o goberno galego anunciou que axilizaría os prazos de pagamento das axudas sociais como a RISGA ou as AIS.

Porén, a Xunta de Galiza non adoptou ningunha medida excepcional para garantir esa maior celeridade nin tampouco fixou un prazo temporal para aplicar ese pagamento.

Realmente, semella máis un anuncio propagandístico que non se vai materializar que unha medida que vise axudar as persoas e fogares que se atopan en situación de maior vulnerabilidade.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Como se axilizou ou está a axilizar o pagamento das axudas sociais anunciado pola Xunta de Galiza no marco do Plan de Medidas fronte ás consecuencias económicas da guerra?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

Asinado o día 07/04/2026 ás
13:06
Por Ariadna Fernández González

Asinado o día 07/04/2026 ás
13:06
Por Olalla Rodil Fernández





Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 07/04/2026 13:06:36

Ariadna Fernández González na data 07/04/2026 13:06:48



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/04/2026 13:07:52



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/04/2026 13:07:51
Nº Rexistro: 54677
Data envío: 07/04/2026 13:07:51.865

CSV: BOPGDSPG-0iquuNGiv-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Valcárcel Armesto e Secundino Fernández Fernández, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa aos criterios e prioridades do Pladiga 2026.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galiza (Pladiga) constitúe o instrumento marco do que a Xunta de Galiza se vale para despregar o operativo contra incendios forestais, tanto no que se refire a prevención activa como a extinción e resposta de emerxencia, dentro do marco da Lei 3/2007 de prevención e defensa contra incendios forestais de Galiza e do resto do ordenamento de medio rural e ordenación do territorio.

O Pladiga 2026, anunciado polo Consello da Xunta o 23 de marzo de 2026, aínda que se presenta como unha actualización “adaptada á nova realidade dos lumes”, en realidade mantén unha lóxica continuísta: acentúa o reforzo do operativo de extinción (42 brigadas de alto risco, 168 efectivos máis, 4 novos medios aéreos, ampliación da Unidade de Directores de Extinción), da detección e da intelixencia operacional (incremento do 30% na rede de videovixilancia ata 241 cámaras, máis drones e unha app cidadá de avisos), e do orzamento de prevención, que a subida de 75 millóns de euros representa un maior investimento nominal, pero non necesariamente un cambio de estratexia estrutural.

Fronte a este reforzo de resposta e tecnoloxía, o Pladiga 2026 non ataca de forma ambiciosa as causas estruturais dos lumes: o abandono do rural, a despoboación das zonas de montaña, a expansión de monocultivos pirófitos e a falta de planificación

Asinado o día 07/04/2026 ás 13:25
Por Secundino Fernández
Fernández

Asinado o día 07/04/2026 ás
13:25
Por Montserrat Valcárcel Armesto





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

real de ordenación do territorio e de xestión integral do monte. A experiencia das últimas vagas de incendios, nas que se chegaron a arrasar arredor de 160.000 hectáreas nun único verán, poñen en evidencia que non abundan máis brigadas, máis helicópteros e máis cámaras se non se modifica o modelo de país e se non se aposta por xuntar prevención activa, silvicultura preventiva, agricultura e gandaría vivas e montes veciñais realmente empoderados.

Ademais, o Pladiga 2026 constitúe un instrumento que afecta directamente ás condicións laborais e organizativas do persoal implicado no dispositivo de prevención e extinción sen pasar polas mesas de negociación e as relacións de postos de traballo.

O Pladiga non é un documento técnico neutro, senón un instrumento de xestión que define a distribución de persoal, a organización do operativo, as condicións de traballo e a presenza do Estado no monte, polo que a súa elaboración e aprobación sen negociación configura unha clara vulneración do dereito de participación e de diálogo coa representación do persoal, ademais de agravar a precariedade e a volatilidade do modelo de contratación, xustamente cando se fala de ampliar o tempo de traballo do persoal fixo discontinuo ata 9 meses ao ano.

Por outro lado, a estratexia xeral do Pladiga 2026 continúa centrada na loita contra o incendio e no despregue de extinción, en detrimento de investir de forma consistente e cuantificada en actuacións de prevención activa ao longo de todo o ano: cortalumes estratéxicos, limpeza e remolmento de masas forestais, diversificación de usos do monte, restauración ecolóxica dos solos e paisaxes queimadas, e promoción da multifuncionalidade forestal e das actividades económicas rurais que reducen o risco de lume. A aposta por tecnoloxías de vixilancia e por unha app cidadá, aínda que pode mellorar a detección temperá, non debe ser utilizada como xustificación para reducir a presenza humana sobre o territorio, nin para substituír a unha política forestal e agraria activa e sostida.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Neste contexto, a continuación, da traxectoria de anos recentes nos que se acumularon vagas de incendios de grande intensidade, carencias organizativas, problemas de coordinación, e agravamento da situación laboral e funcional do persoal implicado, o Pladiga 2026 aparece como unha oportunidade perdida para a Xunta de articular un verdadeiro cambio de modelo. En lugar de avanzar cara a un Pladiga integrado nunha estratexia de país de ordenación do territorio e política forestal, que inclúa a redución de monocultivos pirófitos, a promoción de masas autóctonas, o apoio decidido aos montes veciñais e a xestión comunal, e a construción dunha carreira profesional estábel e cualificada para o persoal de incendios, a Xunta reforza o modelo de emerxencia, de tecnoloxía e de imposición fronte a unha loita social e ambiental que demanda participación, previsión e transparencia.

Por todo o exposto, resulta imprescindible que o Parlamento de Galiza, a través das iniciativas e mecanismos competentes, tome posición crítica ante o Pladiga 2026, e que inste á Xunta a revisalo e negocialo de xeito integral, dotando de maior peso orzamentario e normativo á prevención, á estabilidade laboral e á participación real do persoal, das organizacións rurais, dos montes veciñais e das comunidades locais, garantindo que este plan deixe de ser un simple documento de resposta de verán para converterse na expresión operativa dunha política forestal e de ordenación do territorio verdadeiramente ambiciosa e socialmente comprometida.

Diante disto, fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Dispón a Xunta de Galiza dunha análise de rendibilidade social e ambiental a partir das medidas tecnolóxicas que se van incorporar ao Pladiga?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Montserrat Valcárcel Armesto na data 07/04/2026 13:25:26

Secundino Fernández Fernández na data 07/04/2026 13:25:34



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/04/2026 13:27:27
Nº Rexistro: 54684
Data envío: 07/04/2026 13:27:27.077

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 07/04/2026 13:27:27

CSV: BOPGDSPG-0iquuNGiv-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Daniel Castro García, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a avaliación do desenvolvemento do proxecto Galicia Film Commission.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En marzo de 2023 a Xunta presentaba publicamente a Galicia Film Commission ao sector audiovisual e turístico, impulsado desde a AGADIC co obxectivo de consolidar o noso país como un plató de cine.

Na presentación, o daquela Conselleiro de Cultura, Román Rodríguez, anunciaba que entraría en funcionamento en 2023 para lles facilitar ás produtoras a busca de localizacións, xestións administrativas ou bases de datos profesionais, entre outros recursos.

Uns meses antes a AGADIC publicara a licitación para a contratación do servizo de creación, posta en marcha e mantemento da plataforma tecnolóxica de Galiza Film Commission, financiada ao 100% no marco do eixo REACT-UE do programa operativo Feder-Galiza 2014-2020 como resposta da Unión Europea á pandemia da covid-19.

O desenvolvemento desta Film Commission, como medida de impulso do sector audiovisual, pretende crear unha plataforma tecnolóxica que sexa lugar de encontro e de traballo do sector público e privado onde os profesionais, por unha banda, encontren un escaparate para ofrecer os seus produtos e servizos e pola outra, atopen todos os recursos necesarios para desenvolver o seu traballo.

Asinado o día 07/04/2026 ás
16:15
Por Daniel Castro García

Asinado o día 07/04/2026 ás
16:15
Por Mercedes Queixas Zas





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Segundo a oferta de contratación, o obxectivo último é crear unha ferramenta que permita proxectar Galiza como como espazo de rodaxes. E esa ferramenta defínese como a creación dun novo portal web cun investimento económico de 400.000 euros durante un prazo de execución de 36 meses coa data do 1 de setembro de 2022 como previsíbel data de comezo do contrato.

Transcorridos máis de tres anos daquela data de presentación pública, cómpre achegar unha primeira avaliación das medidas impulsadas co obxectivo de atraer a rodaxe de proxectos audiovisuais a Galiza.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que avaliación fai a Xunta do desenvolvemento do proxecto Galicia Film Commission?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 07/04/2026 16:15:21

Daniel Castro García na data 07/04/2026 16:15:29



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/04/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 54692
Data envío: 07/04/2026 16:16:47.119

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 07/04/2026 16:16:47

CSV: BOPGDSPG-0iquuNGiv-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Aitor Bouza Manso, Julio Torrado Quintela e Silvia Longueira Castro, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A sanidade pública é un dos piares fundamentais do Estado do benestar e un dereito esencial que debe garantir igualdade, dignidade e acceso á atención sanitaria en condicións óptimas para toda a cidadanía, con independencia do seu lugar de residencia ou situación económica. Un sistema sanitario forte, ben planificado e dotado dos recursos necesarios é condición imprescindible para asegurar unha atención de calidade e para preservar a confianza da sociedade nos seus servizos públicos.

Porén, a realidade que se está a vivir na comarca do Ortegal evidencia unha situación preocupante derivada da falta de profesionais sanitarios en diferentes niveis asistenciais. A insuficiencia de persoal médico e de enfermaría, así como doutros perfís sanitarios, está a provocar dificultades para garantir unha atención adecuada, con tempos de espera excesivos, sobrecarga dos profesionais existentes e unha perda progresiva da calidade asistencial.

Esta situación resulta especialmente grave nun territorio cunha dispersión xeográfica acusada e cunha poboación envellecida, que require dunha maior intensidade de coidados e dunha atención sanitaria próxima e accesible. A falta de cobertura estable de prazas, a escasa capacidade de atracción de profesionais e a inexistencia de incentivos eficaces para o desempeño en áreas rurais ou periféricas están a agravar un problema estrutural que a Xunta de Galicia non está a abordar con decisión.

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



A maiores, esta carencia de profesionais non só afecta á atención primaria, senón tamén á continuidade asistencial, á atención urxente e á coordinación entre niveis, xerando unha sensación de abandono entre a cidadanía da comarca do Ortegal, que ve como os seus dereitos sanitarios non son garantidos en igualdade co resto do territorio.

Neste contexto, resulta imprescindible que o Goberno galego adopte medidas urxentes e estruturais que permitan reforzar o cadro de persoal sanitario, garantir a cobertura das prazas e asegurar unha atención digna e de calidade para todos os veciños e veciñas da comarca.

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta:

Que medidas ten previsto adoptar a Xunta de Galicia para garantir a cobertura completa das prazas vacantes?

Santiago de Compostela, 7 de abril do 2026

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://twitter.com/socialistas_gal)



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 07/04/2026 16:32:14

Julio Torrado Quintela na data 07/04/2026 16:32:20

Silvia Longueira Castro na data 07/04/2026 16:32:25



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/04/2026 16:36:38



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/04/2026 16:36:37
Nº Rexistro: 54701
Data envío: 07/04/2026 16:36:37.576

CSV: BOPGDSPG-0iquuNGiv-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Aitor Bouza Manso, Julio Torrado Quintela e Silvia Longueira Castro, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A sanidade pública é un dos piares fundamentais do Estado do benestar e un dereito esencial que debe garantir igualdade, dignidade e acceso á atención sanitaria en condicións óptimas para toda a cidadanía, con independencia do seu lugar de residencia ou situación económica. Un sistema sanitario forte, ben planificado e dotado dos recursos necesarios é condición imprescindible para asegurar unha atención de calidade e para preservar a confianza da sociedade nos seus servizos públicos.

Porén, a realidade que se está a vivir na comarca do Ortegal evidencia unha situación preocupante derivada da falta de profesionais sanitarios en diferentes niveis asistenciais. A insuficiencia de persoal médico e de enfermaría, así como doutros perfís sanitarios, está a provocar dificultades para garantir unha atención adecuada, con tempos de espera excesivos, sobrecarga dos profesionais existentes e unha perda progresiva da calidade asistencial.

Esta situación resulta especialmente grave nun territorio cunha dispersión xeográfica acusada e cunha poboación envellecida, que require dunha maior intensidade de coidados e dunha atención sanitaria próxima e accesible. A falta de cobertura estable de prazas, a escasa capacidade de atracción de profesionais e a inexistencia de incentivos eficaces para o desempeño en áreas rurais ou periféricas están a agravar un problema estrutural que a Xunta de Galicia non está a abordar con decisión.

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



A maiores, esta carencia de profesionais non só afecta á atención primaria, senón tamén á continuidade asistencial, á atención urxente e á coordinación entre niveis, xerando unha sensación de abandono entre a cidadanía da comarca do Ortegal, que ve como os seus dereitos sanitarios non son garantidos en igualdade co resto do territorio.

Neste contexto, resulta imprescindible que o Goberno galego adopte medidas urxentes e estruturais que permitan reforzar o cadro de persoal sanitario, garantir a cobertura das prazas e asegurar unha atención digna e de calidade para todos os veciños e veciñas da comarca.

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta:

Cal é a previsión de evolución do cadro de persoal sanitario na comarca do Ortegal nos vindeiros anos?

Santiago de Compostela, 7 de abril do 2026

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 07/04/2026 16:32:32

Julio Torrado Quintela na data 07/04/2026 16:32:41

Silvia Longueira Castro na data 07/04/2026 16:32:48



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/04/2026 16:37:27
Nº Rexistro: 54704
Data envío: 07/04/2026 16:37:27.595

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 07/04/2026 16:37:28

CSV: BOPGDSPG-0iquuNGiv-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 07/04/26
18:05
Por Mercedes Queixa

Á Mesa do Parlamento

Xosé Manuel Golpe Acuña, Ramón Fernández Alfonso e Mercedes Queixas Zas, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a ampliación da declaración do BIC nas instalacións da Central Térmica de Endesa nas Pontes.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A cheminea da central térmica das Pontes foi obxecto de dous procedementos de incoación para a súa declaración como Ben de Interese Cultural (BIC). En primeiro lugar, mediante resolución de 20 de xuño de 2022, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural acordou incoar de oficio o procedemento para declarar BIC a cheminea, resolución que se publicou no **DOG nº 125, do 1 de xullo de 2022**, co correspondente réxime de protección provisional e anotación preventiva no Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia.

Ese primeiro expediente caducou o 20 de xuño de 2024, ao transcorrer 24 meses sen resolución nin notificación, tal e como reconece expresamente a propia Dirección Xeral de Patrimonio Cultural na nova resolución de incoación.

Posteriormente, á vista dunha nova solicitude formal presentada o 26 de setembro de 2024 e do apoio expreso de 2.206 veciñas e veciños das Pontes, a Dirección Xeral volveu incoar o procedemento para declarar BIC a cheminea da central mediante resolución de 11 de marzo de 2025, publicada no **DOG nº 56, do 21 de marzo de 2025**, onde se reconece que a cheminea posúe un valor cultural relevante para Galicia e é susceptible de ser declarada ben de interese cultural.

Asinado o día 07/04/2026 ás
18:04
Por Ramón Fernández Alfonso

Asinado o día 07/04/2026 ás
18:04
Por José Manuel Golpe Acuña





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ademais, segundo informou a Plataforma en Defensa do Patrimonio Industrial, o expediente conta xa cos dous informes favorábeis preceptivos dos órganos consultivos esixidos pola Lei do Patrimonio Cultural de Galicia, o que deixa despexado o camiño técnico para adoptar unha resolución definitiva de declaración BIC, tal e como recollen diversos medios de comunicación.

Porén, a día de hoxe non se publicou no Diario Oficial de Galicia ningunha resolución definitiva de declaración da cheminea das Pontes como Ben de Interese Cultural, malia o tempo transcorrido desde a incoación de 2025, a existencia de informes consultivos favorábeis e o amplo respaldo social e institucional á súa conservación.

En coherencia coas obrigas de boa administración, transparencia e tutela efectiva do patrimonio cultural, cómpre que o Goberno galego explique os motivos deste atraso, concrete en que fase se atopa o expediente e indique cales son os prazos previstos para adoptar unha decisión definitiva sobre a declaración BIC da cheminea.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cal é o motivo polo que, a data de hoxe, non se adoptou nin se publicou no Diario Oficial de Galicia a resolución definitiva de declaración da cheminea da central térmica das Pontes como Ben de Interese Cultural, malia estar o procedemento incoado mediante resolución de 11 de marzo de 2025, publicada no DOG nº 56, do 21 de marzo de 2025?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 07/04/2026 18:04:51

Ramón Fernández Alfonzo na data 07/04/2026 18:04:58

Mercedes Queixas Zas na data 07/04/2026 18:05:04



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/04/2026 18:06:30



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/04/2026 18:06:29
Nº Rexistro: 54713
Data envío: 07/04/2026 18:06:29.948

CSV: BOPGDSPG-0iquuNGiv-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Silvia Longueira Castro e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A evidencia científica demostra que moitas enfermidades afectan de maneira diferente a mulleres e homes, tanto na súa incidencia como na forma en que se manifestan ou responden aos tratamentos. Porén, durante décadas a investigación biomédica e o deseño das políticas sanitarias tomaron como referencia principal o corpo masculino, o que xerou importantes lagoas de coñecemento sobre a saúde das mulleres.

Esta realidade provocou en moitos casos diagnósticos máis tardíos, infradiagnóstico de determinadas enfermidades ou tratamentos menos adaptados ás necesidades específicas das mulleres.

Nos últimos anos, organismos internacionais e institucións sanitarias están a insistir na necesidade de incorporar de maneira efectiva a perspectiva de xénero na saúde pública, co obxectivo de garantir unha atención sanitaria máis equitativa, eficaz e baseada na evidencia.

Galicia non pode quedar atrás neste proceso. Resulta necesario reforzar a investigación, mellorar a análise dos datos sanitarios, impulsar a formación do persoal sanitario e desenvolver estratexias específicas que aborden de maneira integral os principais retos da saúde das mulleres.

Neste marco, as administracións públicas deben actuar de maneira coordinada. A Xunta de Galicia ten un papel fundamental na planificación sanitaria, mentres

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





que os concellos poden contribuír desde o ámbito da prevención, a información e a promoción da saúde.

Ante esta situación, as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Entende o Goberno galego que o deseño das políticas sanitarias no noso país discrimina ás mulleres?

Santiago de Compostela, 7 de abril de 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 07/04/2026 18:19:39

Silvia Longueira Castro na data 07/04/2026 18:19:48

Julio Torrado Quintela na data 07/04/2026 18:19:57





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 07/04/2026 18:22:31

CSV: BOPGDSPG-0iquuNGiv-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Julio García Comesaña, Patricia García González, Miguel Fidalgo Iglesias, José Luis Ferro Iglesias, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Carmen Pomar Tojo, Roberto Rododríguez Martínez, Moisés Rodríguez Pérez, Gonzalo Trenor López, Katherinie Varela Fernández e Nazareth Cendán Gayoso, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A saída sur de Vigo constitúe unha infraestrutura clave para garantir unha conexión ferroviaria moderna, eficiente e competitiva entre Galicia e o norte de Portugal, especialmente coa área metropolitana de Porto, nun contexto de crecente integración económica e social do noroeste peninsular.

Non obstante, a pesar de tratarse dun proxecto anunciado desde hai anos e considerado estratéxico no marco do Corredor Atlántico, a realidade é que a día de hoxe continúa nunha fase moi inicial de desenvolvemento. En concreto, o proxecto segue en fase de estudo informativo, sen que exista un trazado definitivo aprobado nin proxectos construtivos redactados.

O Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible, a través de Adif, limitouse ata o momento á licitación de estudos preliminares en determinados tramos, como o comprendido entre O Porriño e a fronteira portuguesa, o que evidencia que a execución material da infraestrutura continúa afastada no tempo.

A maiores, os prazos trasladados polo Goberno central resultan pouco consistentes coa situación real do proxecto. Mentres se fala de horizontes temporais arredor dos anos 2032 ou 2033, distintas estimacións técnicas sitúan a súa posible posta en servizo nun escenario máis afastado, que podería acadar os anos 2036 ou mesmo 2038.

Esta incerteza vese incrementada pola necesaria coordinación co Goberno de Portugal, cuxas prioridades en materia ferroviaria non sempre coinciden cos





intereses de Galicia, o que introduce un risco adicional de atraso na execución da conexión internacional.

Mentres tanto, Galicia continúa sen unha conexión ferroviaria competitiva con Portugal, cun servizo actual limitado e, en ocasións, interrompido por obras na liña existente, o que supón unha clara desvantaxe para a mobilidade, a economía e a proxección exterior da comunidade.

Neste contexto, resulta fundamental coñecer que actuacións está a desenvolver a Xunta de Galicia para defender os intereses de Galicia e esixir ao Goberno de España un impulso real e efectivo deste proxecto estratéxico.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que nova información dispón a Xunta de Galicia sobre a conexión entre Galicia e Portugal pola alta velocidade?

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2026



Asinado dixitalmente por:

Julio García Comesaña na data 08/04/2026 10:13:33
Patricia García González na data 08/04/2026 10:13:45
Miguel Fidalgo Iglesias na data 08/04/2026 10:13:55
José Luis Ferro Iglesias na data 08/04/2026 10:14:06
Dolores Hermelo Piñeiro na data 08/04/2026 10:14:15
Argimiro Marnotes Fernández na data 08/04/2026 10:14:29
Carmen Pomar Tojo na data 08/04/2026 10:14:43
Roberto Rodríguez Martínez na data 08/04/2026 10:14:52
Moisés Rodríguez Pérez na data 08/04/2026 10:15:08
Gonzalo Trenor López na data 08/04/2026 10:15:16
Katherinie Varela Fernández na data 08/04/2026 10:15:25
María Nazaret Cendán Gayoso na data 08/04/2026 10:15:35



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/04/2026 10:15:50
Nº Rexistro: 54728
Data envío: 08/04/2026 10:15:50.714

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 08/04/2026 10:15:51

CSV: BOPGDSPG-0iquuNGiv-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Jesús Fernández Rosende, Gonzalo Trenor López, José Luis Ferro Iglesias, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Carmen Pomar Tojo, Roberto Rodríguez Martínez, Moisés Rodríguez Pérez, Katherinie Varela Fernández e Nazareth Cendán Gayoso, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Nos derradeiros anos, o transporte metropolitano na área de A Coruña foi reorganizado e adaptado ás distintas circunstancias en función dos problemas que se viñan detectando. Criterios de mellora do servizo, de eficiencia de medios, e de racionalidade no emprego dos recursos públicos marcaron as sucesivas alteracións buscando sempre dar a maior calidade.

Julio Torrado Quintela, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **pregunta urxente** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Xustificación da urxencia. A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento se pronuncie canto antes sobre o procedemento de valoración das incapacidades laborais pola súa importancia actual.

Por iso, o deputado que asina formula a seguinte pregunta:

Que motivos ten o Goberno galego para querer alterar o procedemento de valoración das incapacidades laborais por parte das persoas profesionais do sistema público de saúde desmerecendo así o seu traballo?

Santiago de Compostela, 13 de abril de 2026

Asinado o día 13/04/2026 ás
16:50
Por Julio Torrado Quintela

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**





Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 13/04/2026 16:50:20

CSV: BOPGDSPG-0iquuNGiv-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/04/2026 16:50:54
Nº Rexistro: 55111
Data envío: 13/04/2026 16:50:54.221

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 13/04/2026 16:50:55

CSV: BOPGDSPG-0iquuNGiv-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite de **urxencia**, relativa á decisión da Xunta de Galiza de impor cambios regresivos no funcionamento dos puntos de atención continuada (PACs).

Xustificación da urxencia

A urxencia motívase na preocupación e malestar existente entre profesionais e poboación diante da decisión do SERGAS de impor cambios regresivos nos puntos de atención continuada (PACs), establecendo os sábados pola mañá dentro do horario ordinario de atención dos mesmos, sen negociación, nin información.

Diante desta situación, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada asinante, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno, polo trámite de urxencia:

Cal é a razón da modificación unilateral por parte da Xunta dos horarios dos PACs que supón máis xornada en fin de semana, máis carga de traballo, ningunha compensación económica nin laboral e o empeoramento directo das condicións de traballo a custo cero?

Santiago de Compostela, 13 de abril de 2026

Asinado o día 13/04/2026 ás
18:09
Por María Montserrat Prado Cores





Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 13/04/2026 18:09:36



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/04/2026 18:09:53



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/04/2026 18:09:51
Nº Rexistro: 55159
Data envío: 13/04/2026 18:09:51.687

CSV: BOPGDSPG-0iquuNGiv-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

José Ramón Gómez Besteiro, portavoz do Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152.2, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Sr. presidente da Xunta de Galicia**.

Sr. presidente, considera vostede que Galicia está a aproveitar plenamente todas as súas potencialidades para fortalecer e mellorar a súa economía?

Santiago de Compostela, 13 de abril do 2026

Asinado o día 13/04/2026 ás
17:49
Por José Ramón Gómez Besteiro

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://twitter.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

José Ramón Gómez Besteiro na data 13/04/2026 17:49:23

CSV: BOPGDSPG-0iquuNGiv-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/04/2026 18:18:14



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/04/2026 18:18:12
Nº Rexistro: 55166
Data envío: 13/04/2026 18:18:12.989

CSV: BOPGDSPG-0iquuNGiv-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, formula a seguinte **pregunta** dirixida ao **presidente da Xunta** para a súa **resposta oral en Pleno**.

Sr Rueda, considera que coas súas políticas está mellorando a vida das traballadoras e traballadores?

Santiago de Compostela, 13 de abril de 2026





Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 13/04/2026 18:19:51

CSV: BOPGDSPG-0iquuNGiv-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/04/2026 18:20:05



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/04/2026 18:20:04
Nº Rexistro: 55167
Data envío: 13/04/2026 18:20:04.890

CSV: BOPGDSPG-0iquuNGiv-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González, Sonia Vidal Lamas e Secundino Fernández Fernández, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, relativa á actuación da Consellería do Medio Rural na sinatura de contratos do leite.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende o pasado 1 de abril de 2026, tras unha firma de contratos entre as empresas lácteas e os gandeiros galegos, onde estes non tiveron capacidade negociadora sobre o seu produto, o prezo do leite galego mingou de xeito esaxerado a pé de granxa. Así, as baixadas sitúan o prezo por litro en 8 ou máis céntimos menos que no período anterior, sen que aparentemente a situación estatal e europea sufrise cambios tan significativos coma para tales variacións de cotizacións, que afectan gravemente ás explotacións do país, que se enfrontan a situacións complexas nos próximos meses.

Á baixada do prezo do leite súmase na actualidade a suba dos custos de produción derivados da escalada bélica que EEUU e Israel iniciaron recentemente contra o Irán, vulnerando o dereito internacional e a soberanía dos pobos en favor de intereses xeopolíticos existentes. Desta maneira, os gandeiros e gandeiras galegas están a producir, na maior parte dos casos, por debaixo dos custos de produción feito que, de permitirse e perpetuarse dará lugar a unha situación economicamente complicada no noso rural, xa acaecido dun grave abandono, especialmente esaxerado no caso do sector leiteiro, onde cada ano pechan mais de 300 explotacións de vacún leiteiro.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Malia gravidade da situación e a resistencia de gandeiros á firma de contratos, a realidade é que moitos deles, nas derradeiras horas do 31 de marzo accederon á sinatura dos mesmos polo medo a que a recollida do seu produto fose suspendida, feito que tivo lugar en casos onde dita sinatura non se produciu. Nestas explotacións o produto está a botarse a perder, de maneira que os propietarios están a sufrir baixadas incalculables nos seus beneficios, que afectarán negativamente á pervivencia das súas empresas nun moi curto prazo de tempo.

Aínda que o sector lácteo galego é unha potencia a nivel estatal e europeo tanto pola súa calidade coma pola cantidade que producimos, o goberno da Xunta de Galiza non pon medidas a disposición para evitar que os nosos gandeiros se vexan inmersos nunha volatilidade e inestabilidade que impide darlle a seguridade necesaria ao sector e que anime a quen participa del a continuar con esta actividade, feito que lle afecta gravemente á existencia de relevo xeracional. Un claro exemplo foi a falla de actuación clara por parte da Consellería de Medio Rural no caso desta recente renovación de contratos á baixa, onde dende o goberno non amosou a decisión, determinación e interese necesario para evitar que as baixadas de prezos foran executadas sen reunións previas entre todos os elos da cadea onde o goberno mantivese un papel activo nas negociacións que garantise a transparencia nos contratos e a equidade na participación entre produtores e industria. Así, as prácticas abusivas e unilaterais imperaron nesta nova sinatura de contratos, que os gandeiros aceptaron como única opción existente e sen que nin a Mesa do Sector Lácteo con todos os membros presentes, nin o Observatorio do Sector Lácteo fosen convocados e aportasen igualdade entre as partes e información ao respecto.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

1. Considera a Xunta de Galiza que a actuación da Consellería do Medio Rural na sinatura de contratos do leite que se ven de producir a finais de marzo garantiu que os gandeiros galegos tivesen capacidade negociadora sobre o prezo do seu produto e as transaccións comerciais fosen resultado de diálogo en igualdade de condicións entre as partes?

2. Reuniu a Xunta de Galiza na Mesa do Leite a todos os elos da cadea para actuar coma un garante de equidade entre as partes nas negociacións sobre o prezo do produto en orixe?

3. Considera a Consellería de Medio Rural que os presentes contratos de leite que veñen de renovarse garanten a continuidade das explotacións ao producirse as fortes baixadas no prezo do litro de leite en orixe?

4. Reuniuse no último mes, dada a importancia da renovación dos contratos do leite, o Observatorio do Sector Lácteo como fonte de información sobre o estado das ganderías galegas, os custos de produción ou as eivas presentes nas explotacións na actual situación de aumento de custos de insumos derivados da guerra?

5. É consciente a Xunta de Galiza da existencia de granxas que, por mor de negarse a firmar os contratos do leite nesas condicións unilaterais e abusivas, están a tirar co seu produto por suspensión de recollida?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 06/04/2026 18:37:13

Sonia Vidal Lamas na data 06/04/2026 18:37:21

Secundino Fernández Fernández na data 06/04/2026 18:37:28





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 06/04/2026 18:38:25

CSV: BOPGDSPG-0iquuNGiv-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Iago Suárez Fernández, Olalla Rodil Fernández, Alexandra Fernández Gómez, Daniel Castro García e Mercedes Queixas Zas, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión de control da CSAG**, sobre a pluralidade nos espazos de opinión da Radio Galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A radio e a televisión públicas galegas teñen que cumprir unha misión de servizo público que resulta imprescindible para a sociedade do noso país. Garantir que se informa de maneira neutral nos medios públicos galegos é obriga da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galiza, do mesmo modo que o é garantir a pluralidade ideolóxica presente no pobo galego nos espazos de opinión dos medios públicos, algo que, a ollos do Grupo Parlamentar do BNG, non está a acontecer actualmente.

Caso especialmente grave é o da Radio Galega onde a falta de pluralidade é máis que evidente e é algo que ben pode explicar a drástica baixada nas audiencias que veñen sufrindo os medios dependentes da CSAG nos últimos tempos.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión de control da CSAG :

- Pensa a Corporación que os espazos de opinión da Radio Galega representan a pluralidade ideolóxica presente e palpábel na sociedade galega?





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

- Por que non se garante nestes espazos de opinión unha representatividade acorde á distribución de escaños actual no Parlamento galego?

- A que criterios responde a publicación nas redes sociais da CSAG de extractos dos espazos de opinión da Radio Galega?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Iago Suárez Fernández na data 07/04/2026 12:18:48

Olalla Rodil Fernández na data 07/04/2026 12:19:05

Alexandra Fernández Gómez na data 07/04/2026 12:19:15

Daniel Castro García na data 07/04/2026 12:19:22

Mercedes Queixas Zas na data 07/04/2026 12:19:36



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/04/2026 12:20:34
Nº Rexistro: 54663
Data envío: 07/04/2026 12:20:34.189

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 07/04/2026 12:20:36

CSV: BOPGDSPG-0iquuNGiv-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Mercedes Queixas Zas, Alexandra Fernández Gómez, Daniel Castro García e Iago Suárez Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión de control da CSAG**, sobre as audiencias da CSAG.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os últimos datos de audiencias evidencian que a televisión pública de Galiza continúa en caída libre.

Despois de pechar o ano 2025 cun novo mínimo histórico (8,4% de share) os datos de audiencia dos primeiros meses de 2026 non parecen mudar a tendencia. De feito, no mes de marzo o número medio de persoas espectadoras da TVG situouse no 7,5% de cota de pantalla, a segunda peor cifra da historia da canle pública.

Desde o Bloque Nacionalista Galego vimos alertando desde hai tempo da perda de confianza das galegas e galegos na súa televisión, a única en lingua galega da grella.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión de control da CSAG :

- Vai facer algo a CSAG para recuperar a confianza das galegas e galegos?
- Cre que a perda de audiencia da TVG que se sitúa en mínimos históricos ten algo a ver coas decisións adoptadas pola dirección da Corporación nos últimos anos?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 07/04/2026 12:23:57

Mercedes Queixas Zas na data 07/04/2026 12:24:04

Alexandra Fernández Gómez na data 07/04/2026 12:24:14

Daniel Castro García na data 07/04/2026 12:24:23

Iago Suárez Fernández na data 07/04/2026 12:24:28



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/04/2026 12:25:34



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/04/2026 12:25:33
Nº Rexistro: 54666
Data envío: 07/04/2026 12:25:33.301

CSV: BOPGDSPG-0iquuNGiv-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Mercedes Queixas Zas, Alexandra Fernández Gómez, Daniel Castro García e Iago Suárez Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión de control da CSAG**, sobre a relación da dirección xeral da CSAG co persoal e coa súa representación sindical.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A piques de se cumprir un ano da renovación da dirección xeral da CSAG a representación social das traballadoras e traballadores dos medios públicos vén denunciando a falta de interlocución directa. De maneira insólita, pois nunca antes acontecera, a directora xeral non mantivo nin sequera unha reunión coa representación sindical das traballadoras e traballadores que integra o comité intercentros da antiga CRTVG.

Tendo en conta a conflitividade laboral que atravesa desde hai anos a radio e televisión públicas de Galiza así como as denuncias de manipulación informativa e as represalias contra persoal que defende os seus dereitos laborais e uns medios públicos ao servizo do pobo galego; semella necesario abrir un tempo novo na Corporación.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión de control da CSAG :

- Por que non seu reuniu a dirección xeral da CSAG coa representación sindical das traballadoras e traballadores da CSAG?





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

- Vaise reunir co comité intercentros?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 07/04/2026 12:24:41

Olalla Rodil Fernández na data 07/04/2026 12:24:51

Alexandra Fernández Gómez na data 07/04/2026 12:25:06

Daniel Castro García na data 07/04/2026 12:25:12

Iago Suárez Fernández na data 07/04/2026 12:25:19



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/04/2026 12:25:48
Nº Rexistro: 54667
Data envío: 07/04/2026 12:25:48.005

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 07/04/2026 12:25:48

CSV: BOPGDSPG-0iquuNGiv-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Xosé Manuel Golpe Acuña, Ramón Fernández Alfonso, Brais Ruanova Vilas-Boas e Daniel Castro García, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, sobre o plan industrial asociado ao parque eólico Mondigo e o seu grado de execución.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O parque eólico Mondigo foi seleccionado no concurso eólico de 2010 ao abeiro da Orde do 29 de marzo de 2010, no que a empresa promotora Esus Enerxía Renovable, S.L. obtivo potencia eólica ligada á presentación dun plan industrial específico denominado “Plan Eixo Dixital Galicia”.

Segundo a propia resolución de 20 de decembro de 2010 (DOG 248, do 28 de decembro), o plan asociaba a Esus un investimento comprometido de 1.050.000 euros e 10 empregos, cun importe proporcional inferior para a potencia finalmente asignada, que formaba parte dos criterios de valoración para a selección de anteprojectos.

Porén, a análise das resolucións posteriores que realmente habilitan a construción e explotación de Mondigo —autorización administrativa previa e de construción do parque, declaracións de impacto ambiental, autorización da liña de evacuación a 132 kV, declaración de utilidade pública e procedemento expropiatorio— amosa que ese plan industrial non foi incorporado como condición efectiva de ningunha destas autorizacións, nin se prevé expresión algunha relativa ao seu cumprimento, caducidade ou posible revogación ligada ao incumprimento.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Ao mesmo tempo, nos medios de comunicación chegaron a manexarse publicamente cifras de até 1.050 millóns de euros de investimento asociadas a este plan industrial, moi afastadas dos 1,05 millóns que constan no DOG, sen que a Xunta de Galicia clarificase nin rectificase oficialmente esa discrepancia nin informase sobre o grao real de execución dos compromisos asumidos pola empresa.

Na actualidade, o parque eólico Mondigo é presentado polo Goberno galego como proxecto emblemático dun “novo modelo eólico” a través de Recursos de Galicia, con participación pública e descontos na factura eléctrica da veciñanza, mais sen que exista un exercicio transparente de rendición de contas sobre o destino do plan industrial co que se xustificou a súa selección inicial nin sobre o tratamento que a Xunta deu a ese compromiso fronte a outras empresas ou proxectos.

Resulta politicamente e institucionalmente relevante esclarecer se a Administración esixiu, supervisou ou simplemente deixou caer no esquecemento ese plan industrial, porque do que se trate aquí é de saber se a Xunta aplica criterios coherentes e equitativos cando outorga megavatios eólicos a cambio de promesas industriais, e ata que punto o caso de Mondigo exemplifica unha forma de privatizar beneficios e socializar custos sen retorno produtivo verificable para o país.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

1. Cales eran exactamente os compromisos de investimento, creación de emprego e prazos de execución recollidos no plan industrial “Plan Eixo Dixital Galicia” presentado por Esus Enerxía Renovable, S.L. no marco da Resolución de 20 de decembro de 2010 (DOG 248 do 28 de decembro de 2010) ?





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

2. Que actuacións concretas de seguimento, comprobación e avaliación do seu cumprimento levou a cabo a Xunta de Galicia desde aquela até o momento actual?

3. Mantén a Xunta de Galicia que o devandito plan industrial continúa formalmente vixente como compromiso asociado á potencia eólica asignada no concurso de 2010, e, en caso afirmativo, que efectos xurídicos prevé para o seu eventual incumprimento; e, en caso negativo, en virtude de que actos administrativos ou decisións políticas se considera extinguido, modificado ou sen eficacia práctica ese compromiso?

4. Pode o Goberno galego explicar se o tratamento dado ao plan industrial de Mondigo —non incorporación expresa ás autorizacións posteriores, ausencia de referencia a prazos nin condicións de caducidade e falta de información pública sobre o seu grao de cumprimento— é o mesmo que se aplicou aos plans industriais doutros promotores seleccionados no concurso eólico de 2010?

5. Está subrogada Recursos de Galiza na obriga de cumprir co plan industrial do PE Mondigo?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 07/04/2026 12:50:34

Ramón Fernández Alfonzo na data 07/04/2026 12:50:59

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 07/04/2026 12:51:08

Daniel Castro García na data 07/04/2026 12:51:17



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/04/2026 12:52:35
Nº Rexistro: 54673
Data envío: 07/04/2026 12:52:35.448

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 07/04/2026 12:52:36

CSV: BOPGDSPG-0iquuNGiv-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/04/2026 13:07:22
Nº Rexistro: 54676
Data envío: 07/04/2026 13:07:22.983

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández e Ariadna Fernández González, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a axilización de axudas sociais anunciada pola Xunta de Galiza no marco das medidas fronte ás consecuencias económicas da guerra no Medio Oriente.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No marco do Plan de Medidas aprobadas pola Xunta de Galiza fronte ás consecuencias económicas da guerra no Medio Oriente, o goberno galego anunciou que axilizaría os prazos de pagamento das axudas sociais como a RISGA ou as AIS.

Porén, a Xunta de Galiza non adoptou ningunha medida excepcional para garantir esa maior celeridade nin tampouco fixou un prazo temporal para aplicar ese pagamento.

Realmente, semella máis un anuncio propagandístico que non se vai materializar que unha medida que vise axudar as persoas e fogares que se atopan en situación de maior vulnerabilidade.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 5ª:

Como se axilizou ou está a axilizar o pagamento das axudas sociais anunciado pola Xunta de Galiza no marco do Plan de Medidas fronte ás consecuencias económicas da guerra?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

Asinado o día 07/04/2026 ás
13:06
Por Ariadna Fernández González

Asinado o día 07/04/2026 ás
13:06
Por Olalla Rodil Fernández





Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 07/04/2026 13:06:13

Ariadna Fernández González na data 07/04/2026 13:06:27



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/04/2026 13:07:22
Nº Rexistro: 54676
Data envío: 07/04/2026 13:07:22.983

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 07/04/2026 13:07:24

CSV: BOPGDSPG-0iquuNGiv-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Cecilia Vázquez Suárez, Rubén Lorenzo Gómez, María Felisa Rodríguez Carrera, Víctor Manuel Baladrón Lamas, José Luis Ferro Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, Carmen María Pomar Tojo e Raúl Santamaría González, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura** sobre a valoración da Xunta de Galicia do servizo de comedor escolar galego

Ademais do seu papel como servizo educativo complementario, os comedores escolares son, na actualidade, tamén un instrumento clave para promover hábitos de vida saudables, fomentar a igualdade de oportunidades e contribuír ao desenvolvemento integral do alumnado. A alimentación equilibrada ten un impacto directo na saúde e na adquisición de valores asociados a unha dieta variada e de calidade.

En Galicia, este ámbito conta xa cun marco regulador consolidado que vén avanzando de maneira decidida na mellora continua da calidade do servizo, o Decreto 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería con competencias en materia de educación.

Proba desta aposta pola mellora do servizo, nestes últimos anos fóronse incorporando novos criterios orientados a garantir unha alimentación saudable, equilibrada e adaptada ás necesidades nutricionais do alumnado, sempre baixo a supervisión sanitaria.

Por exemplo, no caso dos comedores de xestión indirecta, as empresas deben presentar menús periódicos que cumpran criterios de calidade, variedade e equilibrio nutricional; dásele prioridade a provedores de proximidade; e as cociñas centrais deben estar próximas aos centros educativos para garantir a frescura dos alimentos e reducir o impacto ambiental. Ademais, os menús están supervisados por un nutricionista, profesional encargado de garantir a súa adecuación desde unha perspectiva técnica e sanitaria.

Resulta oportuno avanzar cara á consolidación deste modelo, baseado nun menú saudable común para o conxunto do alumnado, deseñado conforme a criterios de calidade, equilibrio nutricional e variedade, que permita reforzar a igualdade de oportunidades mantendo as garantías sanitarias e nutricionais esixibles, e contemplando, só nos casos debidamente xustificadas por razóns médicas, as adaptacións necesarias.



Este esforzo organizativo e de calidade vén acompañado dun importante compromiso económico por parte da Xunta de Galicia, que destina a este servizo máis de 65,5 M€ tanto para o funcionamento dos comedores de xestión propia como para o apoio do servizo que, dentro das súas competencias, prestan concellos ou Anpas.

Neste sentido, cómpre salientar a ausencia de achegas por parte do Goberno do Estado, incumprindo o compromiso asumido polo PSOE e SUMAR no seu pacto de Goberno e tendo en conta a entrada en vigor o próximo curso do Real Decreto 315/2025 sobre alimentación saudable e sostible, aprobado polo Goberno do Estado sen diálogo nin coordinación cos Gobernos autonómicos e que introduce toda unha serie de requisitos sen financiación.

É polo que, as deputadas e deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta:

1. Como valora o Goberno de Galicia o servizo de comedor escolar galego?

Santiago de Compostela, 7 de abril de 2026



Asinado dixitalmente por:

Cecilia Vázquez Suárez na data 07/04/2026 12:26:01

Rubén Lorenzo Gómez na data 07/04/2026 12:26:17

María Felisa Rodríguez Carrera na data 07/04/2026 12:26:23

Víctor Baladrón Lamas na data 07/04/2026 12:26:33

José Luis Ferro Iglesias na data 07/04/2026 12:26:41

Julio García Comesaña na data 07/04/2026 12:26:49

Patricia García González na data 07/04/2026 12:27:00

Carmen Pomar Tojo na data 07/04/2026 12:27:07

Raúl Santamaría González na data 07/04/2026 12:27:14



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/04/2026 13:08:10
Nº Rexistro: 54679
Data envío: 07/04/2026 13:08:10.240

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 07/04/2026 13:08:11

CSV: BOPGDSPG-0iquuNGiv-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Valcárcel Armesto e Secundino Fernández Fernández, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, relativa aos criterios e prioridades do Pladiga 2026.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galiza (Pladiga) constitúe o instrumento marco do que a Xunta de Galiza se vale para despregar o operativo contra incendios forestais, tanto no que se refire a prevención activa como a extinción e resposta de emerxencia, dentro do marco da Lei 3/2007 de prevención e defensa contra incendios forestais de Galiza e do resto do ordenamento de medio rural e ordenación do territorio.

O Pladiga 2026, anunciado polo Consello da Xunta o 23 de marzo de 2026, aínda que se presenta como unha actualización “adaptada á nova realidade dos lumes”, en realidade mantén unha lóxica continuísta: acentúa o reforzo do operativo de extinción (42 brigadas de alto risco, 168 efectivos máis, 4 novos medios aéreos, ampliación da Unidade de Directores de Extinción), da detección e da intelixencia operacional (incremento do 30% na rede de videovixilancia ata 241 cámaras, máis drones e unha app cidadá de avisos), e do orzamento de prevención, que a subida de 75 millóns de euros representa un maior investimento nominal, pero non necesariamente un cambio de estratexia estrutural.

Fronte a este reforzo de resposta e tecnoloxía, o Pladiga 2026 non ataca de forma ambiciosa as causas estruturais dos lumes: o abandono do rural, a despoboación das zonas de montaña, a expansión de monocultivos pirófitos e a falta de planificación

Asinado o día 07/04/2026 ás 13:25
Por Secundino Fernández
Fernández

Asinado o día 07/04/2026 ás
13:25
Por Montserrat Valcárcel Armesto





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

real de ordenación do territorio e de xestión integral do monte. A experiencia das últimas vagas de incendios, nas que se chegaron a arrasar arredor de 160.000 hectáreas nun único verán, poñen en evidencia que non abundan máis brigadas, máis helicópteros e máis cámaras se non se modifica o modelo de país e se non se aposta por xuntar prevención activa, silvicultura preventiva, agricultura e gandaría vivas e montes veciñais realmente empoderados.

Ademais, o Pladiga 2026 constitúe un instrumento que afecta directamente ás condicións laborais e organizativas do persoal implicado no dispositivo de prevención e extinción sen pasar polas mesas de negociación e as relacións de postos de traballo.

O Pladiga non é un documento técnico neutro, senón un instrumento de xestión que define a distribución de persoal, a organización do operativo, as condicións de traballo e a presenza do Estado no monte, polo que a súa elaboración e aprobación sen negociación configura unha clara vulneración do dereito de participación e de diálogo coa representación do persoal, ademais de agravar a precariedade e a volatilidade do modelo de contratación, xustamente cando se fala de ampliar o tempo de traballo do persoal fixo discontinuo ata 9 meses ao ano.

Por outro lado, a estratexia xeral do Pladiga 2026 continúa centrada na loita contra o incendio e no despregue de extinción, en detrimento de investir de forma consistente e cuantificada en actuacións de prevención activa ao longo de todo o ano: cortalumes estratéxicos, limpeza e remolmento de masas forestais, diversificación de usos do monte, restauración ecolóxica dos solos e paisaxes queimadas, e promoción da multifuncionalidade forestal e das actividades económicas rurais que reducen o risco de lume. A aposta por tecnoloxías de vixilancia e por unha app cidadá, aínda que pode mellorar a detección temperá, non debe ser utilizada como xustificación para reducir a presenza humana sobre o territorio, nin para substituír a unha política forestal e agraria activa e sostida.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Neste contexto, a continuación, da traxectoria de anos recentes nos que se acumularon vagas de incendios de grande intensidade, carencias organizativas, problemas de coordinación, e agravamento da situación laboral e funcional do persoal implicado, o Pladiga 2026 aparece como unha oportunidade perdida para a Xunta de articular un verdadeiro cambio de modelo. En lugar de avanzar cara a un Pladiga integrado nunha estratexia de país de ordenación do territorio e política forestal, que inclúa a redución de monocultivos pirófitos, a promoción de masas autóctonas, o apoio decidido aos montes veciñais e a xestión comunal, e a construción dunha carreira profesional estábel e cualificada para o persoal de incendios, a Xunta reforza o modelo de emerxencia, de tecnoloxía e de imposición fronte a unha loita social e ambiental que demanda participación, previsión e transparencia.

Por todo o exposto, resulta imprescindible que o Parlamento de Galiza, a través das iniciativas e mecanismos competentes, tome posición crítica ante o Pladiga 2026, e que inste á Xunta a revisalo e negocialo de xeito integral, dotando de maior peso orzamentario e normativo á prevención, á estabilidade laboral e á participación real do persoal, das organizacións rurais, dos montes veciñais e das comunidades locais, garantindo que este plan deixe de ser un simple documento de resposta de verán para converterse na expresión operativa dunha política forestal e de ordenación do territorio verdadeiramente ambiciosa e socialmente comprometida.

Diante disto, fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

-Cales son as modificacións que vai introducir o Pladiga 2026 na organización e na estrutura de unidades do persoal de incendios (UGT, UDEX, UTA, brigadas municipais) en relación coas relacións de postos de traballo existentes?





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Convocou a Xunta de Galiza algunha mesa de negociación específica coa representación do persoal?

-Cónstanlle á Xunta de Galiza normas internas ou instrucións que figuren como non negociadas durante a elaboración do Pladiga 2026? E se é así, cal é a razón?

-Como se distribúen os 75 millóns de euros de orzamento de prevención especificando tipo de actuación (cortalumes, limpeza de masas, agricultura e gandaría, restauración ecolóxica, mecanización e material forestal, formación e apoio a entes locais e montes veciñais), e a distribución provisional por comarca e concello?

-Dispón a Consellería de Medio Rural dunha estimación de hectáreas e lumes esperados de reducir con base no Pladiga 2026? Se é así, que metodoloxía emprega para esta estimación?

-Como se detalla a inversión total realizada en tecnoloxías de vixilancia (cámaras, drons, app, plataformas de intelixencia artificial) no marco do Pladiga 2026 e a súa distribución ao longo do ciclo de vida útil de cada instrumento?

-Ten previsto a Xunta medidas de redución de persoal sobre o territorio asociadas a estas tecnoloxías e se considera que a detección automática e a aplicación móbil poden substituír actuacións de prevención e extinción presenciais en zonas de risco medio e baixo?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Montserrat Valcárcel Armesto na data 07/04/2026 13:25:13

Secundino Fernández Fernández na data 07/04/2026 13:25:19



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/04/2026 13:27:13
Nº Rexistro: 54683
Data envío: 07/04/2026 13:27:13.614

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 07/04/2026 13:27:14

CSV: BOPGDSPG-0iquuNGiv-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Daniel Castro García, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a avaliación do desenvolvemento do proxecto Galicia Film Commission.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En marzo de 2023 a Xunta presentaba publicamente a Galicia Film Commission ao sector audiovisual e turístico, impulsado desde a AGADIC co obxectivo de consolidar o noso país como un plató de cine.

Na presentación, o daquela Conselleiro de Cultura, Román Rodríguez, anunciaba que entraría en funcionamento en 2023 para lles facilitar ás produtoras a busca de localizacións, xestións administrativas ou bases de datos profesionais, entre outros recursos.

Uns meses antes a AGADIC publicara a licitación para a contratación do servizo de creación, posta en marcha e mantemento da plataforma tecnolóxica de Galiza Film Commission, financiada ao 100% no marco do eixo REACT-UE do programa operativo Feder-Galiza 2014-2020 como resposta da Unión Europea á pandemia da covid-19.

O desenvolvemento desta Film Commission, como medida de impulso do sector audiovisual, pretende crear unha plataforma tecnolóxica que sexa lugar de encontro e de traballo do sector público e privado onde os profesionais, por unha banda, encontren un escaparate para ofrecer os seus produtos e servizos e pola outra, atopen todos os recursos necesarios para desenvolver o seu traballo.

Asinado o día 07/04/2026 ás
16:15
Por Daniel Castro García

Asinado o día 07/04/2026 ás
16:15
Por Mercedes Queixas Zas





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela, Galiza

Segundo a oferta de contratación, o obxectivo último é crear unha ferramenta que permita proxectar Galiza como como espazo de rodaxes. E esa ferramenta defínese como a creación dun novo portal web cun investimento económico de 400.000 euros durante un prazo de execución de 36 meses coa data do 1 de setembro de 2022 como previsíbel data de comezo do contrato.

Transcorridos máis de tres anos daquela data de presentación pública, cómpre achegar unha primeira avaliación das medidas impulsadas co obxectivo de atraer a rodaxe de proxectos audiovisuais a Galiza.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- Que proxectos ten desenvolvido a Galicia Film Commission desde que o goberno da Xunta a presentou publicamente en marzo de 2023?
- Que papel representa en relación ao resto de Film Commissions que xa operan en Galiza?
- Por que aínda non é público o portal web anunciado e cuxa data de inicio comezaba o 1 de setembro de 2022 cun prazo de execución de 36 meses?
- En que situación se encontra o proxecto Galicia Film Commission despois de ter rematado o contrato hai sete meses?
- Que avaliación fai a Xunta do desenvolvemento do proxecto Galicia Film Commission?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 07/04/2026 16:15:08

Daniel Castro García na data 07/04/2026 16:15:16



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/04/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 54691
Data envío: 07/04/2026 16:15:51.390

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 07/04/2026 16:15:53

CSV: BOPGDSPG-0iquuNGiv-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Aitor Bouza Manso, Julio Torrado Quintela e Silvia Longueira Castro, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A sanidade pública é un dos piares fundamentais do Estado do benestar e un dereito esencial que debe garantir igualdade, dignidade e acceso á atención sanitaria en condicións óptimas para toda a cidadanía, con independencia do seu lugar de residencia ou situación económica. Un sistema sanitario forte, ben planificado e dotado dos recursos necesarios é condición imprescindible para asegurar unha atención de calidade e para preservar a confianza da sociedade nos seus servizos públicos.

Porén, a realidade que se está a vivir na comarca do Ortegal evidencia unha situación preocupante derivada da falta de profesionais sanitarios en diferentes niveis asistenciais. A insuficiencia de persoal médico e de enfermaría, así como doutros perfís sanitarios, está a provocar dificultades para garantir unha atención adecuada, con tempos de espera excesivos, sobrecarga dos profesionais existentes e unha perda progresiva da calidade asistencial.

Esta situación resulta especialmente grave nun territorio cunha dispersión xeográfica acusada e cunha poboación envellecida, que require dunha maior intensidade de coidados e dunha atención sanitaria próxima e accesible. A falta de cobertura estable de prazas, a escasa capacidade de atracción de profesionais e a inexistencia de incentivos eficaces para o desempeño en áreas rurais ou periféricas están a agravar un problema estrutural que a Xunta de Galicia non está a abordar con decisión.

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



A maiores, esta carencia de profesionais non só afecta á atención primaria, senón tamén á continuidade asistencial, á atención urxente e á coordinación entre niveis, xerando unha sensación de abandono entre a cidadanía da comarca do Ortegal, que ve como os seus dereitos sanitarios non son garantidos en igualdade co resto do territorio.

Neste contexto, resulta imprescindible que o Goberno galego adopte medidas urxentes e estruturais que permitan reforzar o cadro de persoal sanitario, garantir a cobertura das prazas e asegurar unha atención digna e de calidade para todos os veciños e veciñas da comarca.

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Que medidas ten previsto adoptar a Xunta de Galicia para garantir a cobertura completa das prazas vacantes?
2. Que incentivos económicos ou profesionais se están aplicando actualmente para atraer persoal sanitario a esta comarca?

Santiago de Compostela, 7 de abril do 2026





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 07/04/2026 16:31:35

Julio Torrado Quintela na data 07/04/2026 16:31:42

